PROXECTO SABER FACER

Lingua e Literatura

SERIE **COMUNICA**

ESO 4

O libro Lingua e Literatura 4, para cuarto curso de ESO, é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no Departamento de Edicións Educativas de Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L., dirixido por **Teresa Grence Ruiz** e **Ana María Guerra Cañizo**.

Na súa elaboración participou o seguinte equipo:

Carlos Callón Torres
Paula Fernández Seoane
Beatriz García Turnes
Manuel González Alvarellos
María Luísa Guerra Cañizo
Rosa López Gato
Afonso Toimil Castro
Natalia Vázquez García

ILUSTRACIÓN
Jesús Aguado Gutiérrez

EDICIÓN
Paula Fernández Seoane

EDICIÓN EXECUTIVA
Afonso Toimil Castro

DIRECCIÓN DO PROXECTO
Ana María Guerra Cañizo

As actividades deste libro non deben ser realizadas en ningún caso no propio libro. As táboas, esquemas e outros recursos que se inclúen son modelos para que o alumno os traslade ao seu caderno.

SANTILLANA OBRADOIRO

Índice

UNIDADE	COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA			
	Competencia lectora	Comunicación	SABER FACER	Banco de textos
1 A exposición 7	*Running free,* HÉCTOR CAJARAVILLE 8	A exposición 11	• Analizar un texto comunicativamente • Redactar unha proposta de proxecto • Presentar unha proposta de proxecto 12	• *As ondas gravitacionais explicadas a principiantes* 31
2 Xéneros xornalísticos (I) 33	*O botafumeiro, unha mercadotecnia colosal do medievo,* LORENA BUSTABAD 34	Xéneros xornalísticos informativos 37	• Analizar un texto comunicativamente 38	• *Pulsa imprimir, e listo* • *Un colexio de Rois, campión de robótica...* 55
3 A argumentación 57	*Un entre un millón,* EINÉS MONTEAGUDO 58	A argumentación 60	• Analizar un texto comunicativamente • Elaborar unha fotonoticia 61	
4 Xéneros xornalísticos (II) 79	*A xeografía do medo e do desexo,* MANUEL RIVAS 80	Xéneros xornalísticos de opinión 82	• Analizar un texto comunicativamente 83	• *A nosa primavera árabe,* JOSÉ ÁLVAREZ JUNCO • *Perfúmate, pero...* • *A deshumanización* 96
5 Os textos científicos 99	*Por que Papá Noel odia Internet?,* FRANCISCO CASTRO 100	Os textos científicos 103	• Analizar un texto comunicativamente • Preparar e expoñer un traballo académico 104	• *A forza do coláxeno* • *O ser humano reescrito?,* JORGE MIRA 121
6 Comunicación administrativa 123	*A cidade dos nenos,* FRANCESCO TONUCCI 124	Comunicación administrativa: a solicitude 127	• Analizar un texto comunicativamente • Solicitar información telefonicamente 128	
7 Comunicación laboral (I) 145	*Produtividade,* MANUEL NÚÑEZ SINGALA 146	Comunicación laboral (I): o currículo 149	• Analizar un texto comunicativamente • Concertar unha entrevista de traballo 150	
8 Comunicación laboral (II) 169	*Diario do impostor,* HÉCTOR CARRÉ 170	Comunicación laboral (II): a carta de presentación 173	• Analizar textos comunicativamente • Redactar unha carta de presentación 174	
9 Comunicación laboral (III) 191	*Lembranzas sobre o Moldava,* ROSA ANEIROS 192	Comunicación laboral (III): o contrato 195	• Analizar un texto comunicativamente • Facer unha entrevista de traballo 196	
10 A prescrición 215	*Unha máis da familia,* TERESA MOURE 216	A prescrición 219	• Analizar un texto comunicativamente • Redactar un decálogo 220	
11 A publicidade 237	*Seis cuestións de mercadotecnia para salvar o Día das Letras Galegas,* RAQUEL C. PICO 238	A publicidade 241	• Analizar textos comunicativamente • Analizar campañas institucionais de sensibilización 242	
12 A publirreportaxe 259	*O alugueiro da Capela Sistina,* XAVIER NAVAZA 260	A publirreportaxe 263	• Analizar un texto comunicativamente • Analizar a publicidade desde unha perspectiva ética 264	• *Unha app para vestirse sen mirar o ceo,* CECILIA F. SANTOMÉ 279
APÉNDICE	Modelos de conxugación verbal 282		Cadros gramaticais 290	Cadro de acentuación diacrítica 292

FUNCIONAMENTO DA LINGUA			LINGUA E SOCIEDADE	EDUCACIÓN LITERARIA		
Vocabulario	Gramática	Ortografía		Literatura	SABER FACER	Banco de textos
• O atletismo • A procedencia do léxico 14	O enunciado e as súas clases 16	As maiúsculas 19	Historia social da lingua: o galego moderno (1916-1936) 20	A poesía das Irmandades 24	• Comentar un poema cívico de Cabanillas 29	• *A Basilio Álvarez,* RAMÓN CABANILLAS • *Himno de Acción gallega,* RAMÓN CABANILLAS 30
• A historia • A formación do léxico 40	A oración. Suxeito e predicado 42	Repaso de acentuación (I) 45	Multilingüismo. Linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas 46	A poesía das vangardas 48	• Comentar un poema vangardista 53	• *Excelsior,* MANUEL ANTONIO • *Mar ao norde,* ÁLVARO CUNQUEIRO 54
• A sanidade • A ampliación do léxico (I) 62	Os complementos verbais 64	Repaso de acentuación (II) 68	A valoración social das linguas. Os prexuízos lingüísticos 69	A prosa da época das Irmandades. O Grupo Nós (I) 72	• Analizar a transcendencia da figura de Otero Pedrayo na cultura galega 74	• *A romaría de Xelmírez,* RAMÓN OTERO PEDRAYO • *A trabe de ouro,* VICENTE RISCO 77
• A migración • A ampliación do léxico (II) 84	A oración composta 86	A coma e o punto e coma 89		A prosa da época das Irmandades. O Grupo Nós (II) 90	• Comentar un relato de Dieste 93	• *Os dous de sempre,* A. DANIEL R. CASTELAO • *Sempre en Galiza,* A. DANIEL R. CASTELAO 95
• A Rede • A ampliación do léxico (III) 106	A xustaposición e a coordinación 108	Os dous puntos e as comiñas 111	Historia social da lingua: o galego moderno (1936-1978) 112	A literatura galega no exilio 114	• Analizar a represión en textos literarios e non literarios da época 119	• *Castelao,* LORENZO VARELA • *O prezo da liberdade,* RAMÓN DE VALENZUELA 120
• A cidade • Procedementos de formación de palabras (I) 130	A subordinación. Enlaces subordinantes 132	As parénteses, a raia e o guión 134	As linguas do Estado español 135	A poesía de 1936 a 1976 (I) 137	• Analizar a expresión do sentimento amoroso nos poetas da posguerra 142	• *Irmaus,* CELSO EMILIO FERREIRO • *Enterro do neno pobre,* LUÍS PIMENTEL 143
• O traballo • Procedementos de formación de palabras (II) 152	A subordinación substantiva e a subordinación adxectiva 154	Os puntos suspensivos 158	Variación lingüística (I). Niveis e rexistros 159	A poesía de 1936 a 1976 (II) 161	• Analizar o socialrealismo e a poesía política nas xeracións de posguerra 166	• *Oda aos mariñeiros de Cangas,* BERNARDINO GRAÑA 167
• A arte • Denotación e connotación 176	A subordinación adverbial (I) 178	O son B. A grafía *b* 180		A prosa de 1936 a 1976 (I) 181	• Analizar personaxes da narrativa curta de Cunqueiro 187	• *O grande parladoiro,* ÁNXEL FOLE • *O salvamento,* EDUARDO BLANCO AMOR 188
• As viaxes • Relacións semánticas (I) 198	A subordinación adverbial (II) 200	O son B. A grafía *v* 203	Variación lingüística (II). Os dialectos 204	A prosa de 1936 a 1976 (II) 206	• Analizar a visión da infancia na narrativa galega de posguerra 211	• *Cagliostro en Compostela,* CARLOS CASARES • *A andaina de Bernaldo,* XOSÉ NEIRA VILAS 212
• As plantas • Relacións semánticas (II) 222	Sinopse da oración composta 224	A grafía *x*. Parónimos con *s* e con *x* 226	Historia social da lingua: o galego moderno (1978 ata a actualidade) 227	A poesía de 1976 á actualidade 229	• Analizar a visión feminina na poesía desde 1976 234	• *Os erros cometidos,* LOIS PEREIRO • *maría ten alma...,* CARLOS NEGRO 235
• A cultura • Relacións semánticas (III) 244	O texto (I) 246	A grafía *h*. Homófonos con *h* e sen *h* 248	O galego e a lusofonía	A prosa de 1976 á actualidade 251	• Analizar textos de narrativa infantil e xuvenil 256	• *O remate da guerra,* MANUEL RIVAS • *O silencio de Dinís,* ROSA ANEIROS 257
• O consumo • Relacións semánticas (IV) 266	O texto (II) 268	O dígrafo *ll*. Parónimos con *ll* e con *i* 270	249	O teatro de 1916 á actualidade 271	• Comentar un texto teatral 277	• *O veneno,* XESÚS PISÓN 278

Esquema da unidade

O libro de Lingua e Literatura de 4.º de ESO organízase en 12 unidades didácticas. En cada unidade preséntanse os contidos agrupados en catro grandes bloques: **Comunicación oral e escrita**, **Funcionamento da lingua**, **Lingua e sociedade** e **Educación literaria**.

As páxinas de inicio presentan os contidos que se van abordar ao longo de cada unidade e serven de entrada ao programa de Comunicación.

Ao longo do libro, nos diferentes bloques, distínguense unha parte que combina a explicación teórica con actividades de desenvolvemento **(SABER)** e unha parte de aplicación práctica e competencial dos contidos **(SABER FACER)**.

Cada un dos bloques en que se divide a unidade presenta un desenvolvemento particular dos contidos.



Texto de carácter comunicativo acompañado de preguntas motivadoras para comezar a unidade.

1.ª parte. Comunicación oral e escrita

O bloque ábrese cun texto para traballar a **Competencia lectora**.



Sobre o texto inicial proponse unha **Comprensión e análise** que segue os parámetros PISA.

Ofrécese información sobre cada **tipo de texto**.



As actividades de **Saber facer** propoñen, de forma pautada, unha aplicación práctica dos contidos nunha dupla vertente: a análise textual e a produción de textos orais e escritos. Esta última vertente estará apoiada polo **CD de Comunicación oral**.



Ao final de cada unidade, ofrécese un **Banco de textos** que amplía este programa de Comunicación, con actividades de aplicación práctica dos contidos.

ICONAS DE COMPETENCIAS UTILIZADAS

- **Comunicación lingüística**
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**
- **Aprender a aprender**
- **Conciencia e expresións culturais**
- **Competencia dixital**
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**
- **Competencias sociais e cívicas**

2.ª parte. Funcionamento da lingua

Este bloque contén unha páxina de **Vocabulario** temático, ademais de información teórica sobre un fenómeno léxico.



O programa de **Gramática** ocupa un lugar relevante neste bloque: tres páxinas como mínimo por unidade, dedicadas ao desenvolvemento dos contidos e acompañadas de actividades que contribuirán a que se comprenda mellor o funcionamento da lingua.



Pecha o bloque o programa de **Ortografía**, que ofrece como novidade en cada unidade un ditado gravado para que o alumnado comprobe se aplica correctamente a norma estudada.



3.ª parte. Lingua e sociedade

Son habituais, neste e noutros programas, as referencias a **Recursos na Rede** que permitirán ampliar a información sobre diversos temas.



No bloque de **Lingua e sociedade** adquire grande importancia a información visual exposta a través de mapas, gráficos e cadros, que facilitarán a comprensión e incidirán no desenvolvemento de competencias analíticas por parte do alumnado.

4.ª parte. Educación literaria

O programa de **Educación literaria** está apoiado nunha coidada selección de textos que achegarán o alumnado ás obras máis representativas da literatura galega de diferentes etapas.





O **Saber facer** propón tarefas de análise que conectan a literatura coa realidade do seu tempo.

O **Banco de textos** de Literatura completa o programa engadindo maior diversidade e propoñendo actividades de aplicación dos contidos adquiridos.



Avaliación

Por último, ofrécese unha **Avaliación da unidade** que revisa a adquisición de contidos e destrezas a partir dun texto.



1

A exposición
O enunciado e as súas clases
A poesía das Irmandades

Lingua

SABER

- A exposición
- A procedencia do léxico
- O enunciado e as súas clases
- As maiúsculas
- Historia social da lingua: o galego moderno (1916-1936)

SABER FACER

- Comprender e analizar un texto
- Analizar un texto comunicativamente
- Redactar unha proposta de proxecto
- Presentar unha proposta de proxecto

Literatura

SABER

- A poesía das Irmandades

SABER FACER

- Comentar un poema cívico de Cabanillas



Cando temos que transmitir información oral ou escrita sobre un tema concreto (na aula, na presentación dun produto, na divulgación dun coñecemento, etc.) empregamos textos ou discursos expositivos. O texto expositivo ten como finalidade informar ou difundir coñecementos sobre un asunto concreto.

1 **Responde.**

- Cando fas unha exposición oral na clase, que puntos consideras clave para que resulte eficaz?
- En que outros contextos, ademais do académico, podes empregar textos expositivos? Enumera varios.

Running free. 12-1-2015

Parece que isto de correr está de moda. A primeira e a última hora, os parques de vilas e cidades están ateigados de homes (e mulleres, cada vez máis) facendo *footing*, *jogging*, *running*, *power walking*…; ou sexa, o que toda a vida se chamou *correr*. E en cada carreira popular que se organiza desbórdanse as previsións e os inscritos superan os da edición anterior.

Nalgunhas destas carreiras hai ata unha ducia de competicións distintas: pitufos ou chupetes (así chaman aos meniños que apenas se manteñen en pé), prebenxamíns, benxamíns, infantís, cadetes, xuvenís, promesas, séniors, veteranos..., mesmo pais cos seu bebés en carriños ou donos atados con cintos aos seus cans.

O fenómeno medra en progresión xeométrica, e non entende de sexo (malia haber máis homes ca mulleres), idades (malia haber máis xente xa madura ca novos ou vellos) ou capas sociais (malia haber máis persoas das clases populares, pero isto só por unha cuestión estatística). Se houbese que debuxar o perfil do corredor medio, sería este un home de arredor de corenta anos que, logo de moito tempo sen practicar deporte ningún, decidiu nesta altura que correr podía ser unha actividade beneficiosa para unha saúde que empeza a lanzar os primeiros avisos de que un non vai ser novo para sempre.

Desde a miña perspectiva de non practicante, quixen saber por que triunfa isto das carreiras e establecín a miña propia teoría, coa que seguro que moitos non estarán de acordo, nin sequera (ou especialmente) os propios corredores. Tras desbotar os tópicos (sensación de liberdade, escaso custo, axuda para adelgazar e estar en forma, segregación de **endorfinas** que favorece o benestar…), decidín continuar a busca, porque todas estas condicións tamén as cumpren outros deportes, e os seus seareiros non aumentan ao mesmo ritmo.

Tampouco a vertente competitiva explica o fenómeno, nesta miña teoría. Non hai máis que ver unha carreira popular, na que o gañador chega á meta a un ritmo de tres minutos por quilómetro, mentres os da parte final duplican (ou triplican) os tempos dos primeiros. E moitas veces as caras de satisfacción están máis neste furgón de cola ca no podio. Imaxinan un equipo de fútbol celebrando que, aínda que perdeu quince a cero, xogou mellor do que esperaba? Viría ser máis ou menos o mesmo.

Para min, a explicación vai máis pola parte xenética, a da herdanza recibida desde os nosos devanceiros máis remotos, para os que correr era garantía de supervivencia, en múltiples sentidos: para salvar as longas distancias propias da vida nómade, para fuxir dun perigo, para atrapar a peza de caza que asegurase o sustento do individuo, da familia ou do grupo. Xa non se corre por iso, por suposto, pero os resortes cerebrais que se activan son os mesmos. Con isto de irmos á Lúa, desentrañar os misterios da evolución ou resolver calquera dúbida de xeito inmediato consultando unha pantalla táctil, ás veces esquecemos que aínda seguimos sendo animais, e que o noso **cerebro reptiliano** conservou ese instinto, coma tantos outros, a través dos milenios.

Como a morte, correr iguálanos a todos. A partir de aí, todo vai en función do nivel de desenfreo de cada un: traxes aerodinámicos, *sport glasses*, cronómetros con GPS, medidores da frecuencia cardíaca, brazaletes para os *smartphones*… Por certo, se algún día te introduces neste ambiente e alguén che pregunta se es **pronador** ou **supinador**, non están intentando mocear, só queren saber de que modo pisas durante a carreira.

endorfina: substancia producida de xeito natural no encéfalo que bloquea a sensación de dor e que se relaciona con respostas emocionais pracenteiras.

cerebro reptiliano: é unha das tres partes en que se divide o cerebro; ocúpase das funcións vitais, das necesidades primarias e do comportamento primitivo.

pronador/a: dise da persoa que tende a correr coas pernas xuntas e pisando coa parte máis interna do pé.

supinador/a: dise da persoa que adoita correr coas pernas separadas e apoiando a zona exterior do pé.

Os corredores xa son unha tribo urbana coma outra calquera. E non o teñen doado: deben buscar tempo para adestrarse, mollarse cando chove ou botar meses parados por estrañas lesións, como a tendinite, a fascite plantar ou a periostite tibial. En canto as lesións os teñen en dique seco, aceleran a recuperación para volver ás carreiras canto antes. Por que tanta paixón? Talvez, como homenaxe inconsciente a aquel primeiro homínido que decidiu erguerse sobre as patas traseiras e poñerse a corricar polos desfiladeiros de Olduvai. Como sacrificio e ofrenda ao que un día fomos.

Anotación no diario. 16-1-2015

O artigo sobre a xente que corre escribino cun ánimo absolutamente destrutivo pero, contra todo prognóstico, a ninguén lle pareceu mal, ou polo menos non me chegou ningunha crítica negativa, coma outras veces (a reacción dos lectores é impredicible). Resulta que desta volta vertín no texto toda a miña mala intención, e a cambio antonte recibín un correo electrónico do Club de Atletismo Rompepernas de Ribadeo para agradecerme que me acordase do seu deporte e que amosase tanto respecto «por unha actividade que vai moito máis alá dunha simple proba competitiva».

Volvín ler outra vez o artigo, por se podía dar pé (non sei se pronador ou supinador) a este equívoco. E si, está claro que podería. Por exemplo, cando escribo sobre as lesións, en lugar de falar dun fato de matados que están desexando volver correr antes de estar recuperados só para lesionarse de novo, parece que fago un panexírico sobre a súa heroica forza de vontade e o seu amor polo deporte. Así que errei o disparo, parece que sempre son quen de atopar novas formas de que quen lea os meus artigos os entenda ao contrario do que pretendía dicir.

Por certo, o artigo chámase «*Running free*» pola canción dos *Iron Maiden*. É que me escribiu unha estudante de Filoloxía Inglesa explicándome que sería máis correcto titular «*Free running*» (unha cousa sobre a anteposición do adxectivo nas linguas anglosaxoas). A ver se teño tempo agora pola tarde de chamar a Bruce Dickinson para que incorporen o cambio xa na próxima xira.

HÉCTOR CAJARAVILLE, *De remate* (adaptación)

SABER MÁIS

Héctor Cajaraville (Santiago de Compostela, 1974) é periodista e traballou nos xornais *De Luns a Venres* e *La Voz de Galicia*, así como en gabinetes de comunicación da Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, da Universidade de Santiago de Compostela e do Concello de Santiago. Desde 2011 tamén colabora con distintas editoriais en traballos de corrección.

Como autor de literatura, no 2015 gaña o Premio Xerais coa súa primeira novela, *De remate,* á que pertence este fragmento; ese mesmo ano foi gañador do Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Raíña Lupa coa obra *Vidas cruzadas*.

Comprender e analizar un texto

Obter información

1 Le con atención e corrixe as afirmacións que non coincidan coas opinións do autor da lectura.

- É o mesmo facer *footing*, *jogging*, *running* ou *power walking* ca correr.
- Nunca se ven mulleres nin vellos entre os corredores.
- Os pronadores e os supinadores son corredores que padecen lesións.
- Correr ten máis seguidores ca outros deportes porque é saudable e axuda a adelgazar.
- Cada vez aumenta máis o número de participantes nas carreiras porque hai máis competencia.

2 Contesta.

- Por que a maioría dos corredores decide empezar a participar nas carreiras sobre os 40 anos?
- A que atribúe o autor do texto a enorme afección a correr que hai actualmente?

3 O narrador recibiu dúas cartas de resposta ao seu texto. Busca na lectura información sobre elas e responde.

- Quen foi o emisor de cada carta?
- Que contido tiña cada unha?
- Que contestación lles dá o autor en cada caso?

Interpretar o texto

4 Explica que quere dicir o autor cando declara que nas carreiras hai máis persoas das clases populares, pero «só por unha cuestión de estatística».

5 Indica cal cres que é a opinión que lle merece ao autor do texto o uso e proliferación de accesorios como lentes deportivas, medidores de frecuencia cardíaca ou cronómetros con GPS.

6 Volve ler a parte «Anotación no diario» e contesta razoadamente.

- Que quere dicir que o autor escribiu o artigo «cun ánimo absolutamente destrutivo»?
- Por que produce nos lectores o efecto contrario?
- En que consiste a ironía? Cres que o autor utilizou ese recurso no texto?

▶ Busca a letra da canción «*Running free*» do grupo *Iron Maiden*, traduce o título e di se a estudante de Filoloxía ten razón nas súas apreciacións.

Reflexionar e avaliar

7 Responde razoadamente.

- Cres realmente que moitas das persoas que participan nunha carreira popular non son competitivas, como di o autor?
- Pensas que o único obxectivo dos corredores é a superación persoal?
- Adóitase ser competitivo noutros ámbitos da vida, como o académico ou o profesional?
- Que vantaxes e que inconvenientes lle ves a unha persoa competitiva?

▶ Estás de acordo co autor cando di que «parece que isto de correr está de moda»? Explícao.

8 Na lectura dise que moitos corredores empezaron a practicar este deporte por motivos de saúde.

Busca información sobre a relación entre deporte e saúde e sobre as características que debe ter a práctica deportiva para ser beneficiosa. Despois, redacta un pequeno texto onde as expoñas.

▶ Pregúntalle á xente que coñeces que practica algún deporte cales son os seus motivos e explica cales che parecen máis axeitados.

9 Explica os seguintes refráns e indica se se poden aplicar ao feito de que cada día haxa máis persoas que saen a correr.

Na terra dos lobos, ouvear coma todos.

A onde vas tolo? A onde van todos.

A exposición

1 A exposición: concepto e estrutura

A **exposición** é un tipo de discurso que proporciona unha información de xeito claro e ordenado para que o receptor a coñeza e a comprenda. Por iso os textos expositivos son especialmente habituais nos ámbitos académico e científico (libros de texto, enciclopedias, conferencias, artigos científicos...). Pero a exposición é tamén un xénero discursivo frecuente no ámbito laboral (informes, proxectos, memorias, solicitudes...) e no social (reportaxes e artigos xornalísticos, anuncios publicitarios...).

No referente á estrutura, os textos expositivos adoitan constar de tres partes:

- **Introdución.** Preséntase o tema de que se vai falar e, nalgúns casos, explícanse tamén os antecedentes da cuestión ou especifícase o punto de vista desde o que se abordará ese tema.
- **Desenvolvemento.** Nesta parte, que é a máis extensa, transmítese toda a información, que pode organizarse de distintas maneiras:



- **Conclusión.** Aínda que non resulta imprescindible, é frecuente que na última parte se inclúa unha síntese das ideas principais ou unha valoración.

Procedementos explicativos

Nos textos expositivos (e tamén nos argumentativos), empréganse procedementos ou estratexias para expresar a información con claridade. Algúns deles son os seguintes:

- **Definición.** Exposición exacta dos atributos de algo.
- **Paráfrase.** Volver explicar algo con outros termos (*noutras palabras…*, *isto é…*, *dito máis claramente…*).
- **Exemplificación.** Unha idea abstracta ou xeral ilústrase cun caso particular.
- **Comparación e analoxía.** Para aclarar ou ilustrar un concepto, ponse en relación con outro considerado semellante ou equivalente.
- **Citas e testemuños.** Introdúcense as palabras de persoas expertas ou relacionadas co tema que se trata.
- **Notas ao pé.** Ofrecen información adicional que non se insire no propio texto para non entorpecer a lectura.

2 Trazos lingüísticos e formais dos textos expositivos

Trazos	Manifestacións lingüísticas	Manifestacións formais
Orde	Para organizar as ideas e relacionalas úsanse **conectores de orde** (*en primeiro lugar, a continuación, para finalizar...*), **de adición** (*así mesmo, ademais, incluso, e...*), **de contraste** (*pero, porén, non obstante...*), **de recapitulación / conclusión** (*en suma, para concluír...*), etc.	Os textos longos adoitan dividirse en apartados numerados, encabezados por epígrafes. Dentro de cada apartado, as ideas desenvólvense en diferentes parágrafos.
Claridade	• Léxico preciso (nos textos especializados abundan os tecnicismos) e ausencia de palabras comodín e de expresións ambiguas. • Introdución de preguntas que podería ir facendo o receptor, para que este non perda o fío do discurso.	Inclusión de elementos visuais que amplían e clarifican a información: esquemas, mapas conceptuais, fotos, ilustracións, gráficos...
Tendencia á obxectividade	Uso da 3.ª persoa, do modo indicativo nos verbos, de expresións impersoais con *se* e de adxectivos non valorativos.	

Por que o rosa é de nenas e o azul é de nenos?

A fotógrafa JeongMee Yong sorprendeuse ao comprobar que a súa filla de cinco anos só quería roupa e xoguetes de cor rosa, e comezou a interesarse polo xeito en que fabricantes e publicistas segmentan a súa oferta por sexos. Isto levouna a crear *The Pink & Blue Project*, unha serie de fotografías de nenos e nenas amosando as súas posesións rosas e azuis que se fai viral en Internet cada certo tempo. Non é un padrón exclusivo da infancia: unha visita a un centro comercial pode confirmar que moitas empresas cren que vender produtos a mulleres consiste en pintar de rosa a embalaxe.

Pero o certo é que esta cor non está asociada bioloxicamente ao sexo feminino. É unha convención arbitraria que nin sequera ten unha historia tan longa como podería parecer. A historiadora Jo B. Paoletti explica que nos Estados Unidos non se usaron os tons pastel para os bebés ata a Primeira Guerra Mundial: antes optábase simplemente polo branco. Ademais, por aquel entón o rosa era a cor dos nenos, ao ser «máis decidido e forte», mentres que as nenas debían vestir o azul, «máis delicado e amable». Hai que ter en conta que o rosa asociábase ao vermello, a cor do sangue e do vigor.

Os tons pastel (tanto azul coma rosa) tamén eran os habituais para os bebés europeos. E, cando se diferenciaba, non sempre se seguía o criterio actual. Os orfanatos franceses utilizaban o azul para os nenos e o rosa para as nenas, pero en Bélxica, Suíza e parte de Alemaña era ao revés. De feito, Eva Heller explica no seu libro, *Psicoloxía da cor*, que en Alemaña esta distinción non nace ata a década de 1920 e non se xeneraliza ata os 70. A partir dos anos 80, o rosa impúxose definitivamente en miles de produtos para nenas, desprazando outras alternativas. Ata o punto de que, segundo Paoletti, hai moita máis diferenciación por sexos agora ca hai décadas.

En consecuencia, non hai raíces ancestrais que xustifiquen estas preferencias. E tampouco hai razóns xenéticas. Os nenos de menos de dous anos prefiren as cores intensas como o vermello e o azul, segundo Anne Fausto-Sterling, e non as cores suaves e pastel. De feito, as preferencias de cores entre homes e mulleres son similares: en xeral, e segundo unha enquisa de Eva Heller, gústannos o azul, o verde e o vermello, e desagrádannos o marrón, o rosa e o gris. O rosa é a cor favorita de menos do 5 % das mulleres. Aínda que hai que considerar unha posible reacción en contra á hora de contestar esta enquisa, xa que o rosa asociaríase aos estereotipos existentes ao respecto.

É certo que a sensibilidade neste sentido está cambiando. Un exemplo son as críticas que recibiu Lego cando lanzou a súa liña Friends, orientada ás nenas e con tons rosa nas caixas. Pero o certo é que o éxito de vendas destes xoguetes foi rotundo. E tamén segue a ser doado saber que paquetes son para nenos e cales son para nenas, observando as cores das caixas nun almacén.

JAIME RUBIO HANCOCK, www.elpais.com (adaptación)

ACTIVIDADES

1 Resume o contido do texto extraendo as ideas principais de cada parágrafo.

- Explica que conclusión se obtén como resposta á pregunta do título, a partir de toda a información exposta.

2 Indica que estudos se citan no texto como fontes da información e responde.

- Cres que é importante citar as fontes nos traballos que expoñen información? Por que?
- Que efecto causan esas citas no lector? Como afectan á credibilidade do texto?

3 Localiza algúns conectores empregados no texto e explica o seu valor.

- Identifica no texto outras características lingüísticas propias dos discursos expositivos.

4 Explica a túa opinión sobre o feito de que se diferencien os xoguetes por sexos. Cres que é axeitado ou resulta discriminatorio?

SABER FACER

Expresión escrita. Redactar unha proposta de proxecto

Un proxecto é un documento que explica o plan de traballo necesario para materializar unha iniciativa ou idea. A elaboración de proxectos é unha actividade frecuente en ámbitos como o académico, o empresarial ou o comercial, en que se adoitan presentar propostas para convencer un comité de avaliación, unha entidade financeira, etc. do interese e viabilidade dunha iniciativa.

Planificación

1 Imaxina que decides participar nun concurso de ideas que convocou o teu concello para mellorar a vida no municipio.
Comeza a idear a túa proposta a partir destas preguntas.

Cales son as necesidades principais do lugar onde vives? Que ideas se che ocorren para dar resposta a esas necesidades? Que consecuencias terían esas iniciativas?

2 Formula os obxectivos do proxecto empregando algúns dos infinitivos seguintes.

impulsar - promover - conseguir - fomentar - crear - mellorar - garantir

3 Anota os puntos fundamentais do teu proxecto relacionados cos aspectos seguintes.

- Instalacións → _____
- Servizos → _____
- Funcionamento → _____

4 Completa o plan de traballo para desenvolver o proxecto. Inclúe todas as fases precisas.

Fase	Acción	Equipo humano necesario
Primeira	...	...

Redacción

5 Escribe a proposta de proxecto seguindo a estrutura que se propón.

1. Título. Resume nel con claridade o contido do proxecto.
2. Introdución. Describe a situación da que partes e os motivos polos que é necesario realizar o proxecto. Despois, sintetiza os trazos fundamentais da iniciativa que propós.
3. Obxectivos. Detalla as metas concretas do proxecto. Utiliza verbos en infinitivo.
4. Plan de traballo. Precisa as accións que se van realizar e a súa temporización.
5. Equipo de traballo. Especifica quen se encargará de desenvolver a proposta.
6. Valoración económica. Cuantifica o custo de materializar o proxecto.
7. Conclusión. Sintetiza os datos básicos e incide nas vantaxes da proposta, para intentar convencer o destinatario da importancia e conveniencia de levala a cabo.

Revisión

6 Revisa a redacción e comproba que empregaches a 3.ª persoa, que o léxico é preciso e que introduciches conectores para fiar o discurso. Verifica, ademais, que as partes están ben diferenciadas e que a ortografía e a puntuación son correctas.

Expresión oral. Presentar unha proposta de proxecto

7 Escoita a presentación recollida no CD e trata de ir identificando os distintos apartados en que se estrutura o proxecto, detallados na actividade 5. Despois, contesta.

- Quen convoca o concurso Pequenos Grandes Inventos?
- Cal é a finalidade xeral do proxecto presentado? Que obxectivos concretos persegue?
- En cantas fases se desenvolvería o proxecto? A súa realización tería un custo elevado?
- Cales son as vantaxes de desenvolver un proxecto así, segundo os seus promotores?

8 **TRABALLO COOPERATIVO.** Inspirándote na gravación, presenta a túa proposta de proxecto na clase e escoita as suxestións dos compañeiros para mellorar a exposición.



O atletismo. A procedencia do léxico

1 Que deporte están facendo no estadio de atletismo? Relaciona.

- ☐ salto con pértega
- ☐ cen metros con barreiras
- ☐ triplo salto
- ☐ lanzamento de martelo
- ☐ lanzamento de xavelina

2 Explica o significado das palabras ou expresións destacadas.

- Fixo o xantar **ás carreiras** e queimóuselle.
- En canto entrou na empresa logo **fixo carreira**.
- Atravesamos a carballeira por unha **carreira** que estaba case cuberta polas silvas.
- Esquecinme de traer a redacción, pero fágoa agora **nunha carreira**.
- Coñecina en Santiago cando estudabamos a mesma **carreira**.
- Xa che queda pouco para chegar á vila, **a carreiriña dun can**.
- O atleta acabou a **carreira** sen folgos.

▶ Substitúe cada palabra ou expresión anterior por outra que signifique o mesmo.

3 Emparella os sinónimos dos dous cadros.

afouteza - corrida - folgo - angarellas - tirar - arfar - superar

lanzar - avantaxar - padiola - alento - arquexar - carreira - ousadía

▶ Escribe unha crónica deportiva sobre unha competición de atletismo en que empregues todas as palabras do primeiro cadro.

4 Completa cada enunciado cos termos que correspondan.

ampeando - espadoouse - cambra - escordei - apupada - cros - maniotas

- Xa había tempo que non corría polo monte e hoxe teño _____.
- Os corredores remataron o _____ todos enlamados.
- Non calculou ben o salto e ao caer na area _____.
- Cando estaba chegando á meta deulle unha _____ na barriga da perna.
- A atleta chegou _____ pero logrou completar o medio maratón.
- Fixo mal en empurrar o rival, e por iso lle deron unha boa _____.
- Por causa da chuvia esvarei e _____ o tornecelo.

5 Copia as oracións substituíndo as palabras incorrectas polas correspondentes formas correctas do cadro.

remudas - testemuño - campioa - viravolta - escordadura - velocista

- Se non levas o calzado apropiado podes sufrir un esguince.
- Na vila tiñamos un bo equipo de atletas para as carreiras de relevos pero na competición fallamos na última entrega do testigo.
- Gustaríame moito que a campeona fose a nosa representante.
- Esta atleta é a mellor esprínter do noso equipo.
- Mancou un ombreiro cando deu a voltereta.

6 Escolle o significado correcto para as expresións destacadas. Despois escribe un enunciado con cada unha.

- A lebre ao ver o raposo **chamoulles aos pés compañeiros**.
  - ☐ Púxose a lamber os pés.
  - ☐ Botouse a correr.
  - ☐ Deu un salto cos pés xuntos.
- Íalla andando **coma unha tartaruga**.
  - ☐ Cunha cuncha.
  - ☐ Era moi vella.
  - ☐ Lentamente.
- Áurea pasou por alí **coma unha bicicleta**.
  - ☐ Con moito orgullo.
  - ☐ Andando lixeira.
  - ☐ En silencio.
- Tivo que marchar **a fume de carozo**.
  - ☐ Fumando un puro.
  - ☐ Respirando mal.
  - ☐ Rapidamente.

A PROCEDENCIA DO LÉXICO

O léxico que utilizamos en galego procede na súa maior parte da **lingua latina** que trouxeron os colonizadores romanos. Mais ese latín adoptou numerosas palabras procedentes das linguas que falaban os pobos que ocupaban o territorio galego cando chegaron os romanos e dos que viñeron despois destes últimos (xermanos e árabes).

- Os **pobos prerromanos** deixáronnos nomes de plantas (*queiroga, carballo, carrasco, carqueixa*…), ríos (*Miño, Sil, Sar, Avia, Tambre*…), elementos da paisaxe (*gándara, barranco, seara, veiga*…), topónimos (*A Coruña, Corcubión, Sarria*…), obxectos (*billa, berce, carro, carapucho*…), etc.
- Os **xermanos**, que chegaron a Galicia no século V, deixaron na nosa lingua moitos antropónimos e topónimos: *Allariz, Suevos, Beariz, A Gudiña, Gondomar, Afonso, Elvira, Luís*… Tamén palabras relacionadas coa súa vida guerreira: *guerra, gañar, helmo, roubar*…
- Os **árabes** permaneceron pouco tempo en Galicia e o léxico que nos deixaron directamente é escaso: algúns topónimos *A Mezquita, A Almuzara, A Almuíña* e numerosas palabras, que na súa maioría se incorporaron a través doutras linguas peninsulares: *acea, aceite, arroba, quintal, laranxa, cenoria, azafrán, chafariz, albarda, arroz*…

7 Completa a táboa engadindo tres topónimos coas terminacións sinaladas, características da toponimia de orixe xermánica.

-ar	Baltar			
-mil	Samil			
-monde / -mundi	Sismundi			
-riz	Beariz			
-sende / -sinde	Gosende			

8 Procura un sinónimo para as seguintes palabras galegas de orixe árabe.

- aceite
- alacrán
- alfaiate
- alfándega
- alcume
- alifafe
- alcoba
- albeite
- ceifa
- almofada

9 Clasifica as palabras segundo a súa procedencia: prerromana, latina, xermana ou árabe.

- rodaballo
- castelo
- Allariz
- azafrán
- bidueiro
- alférez
- carqueixa
- barranco
- Pontevedra
- Mandeo
- argola
- mouro
- Cecebre
- cabalo
- Vilanova
- guerra
- lousa
- Céltigos
- urbano
- Fisterra
- Afonso
- veiga
- voda
- abella
- arroz
- codeso
- lúa
- Umia
- Xulia
- morno

RECURSOS NA REDE

No enderezo digalego.xunta.gal podes consultar o DIGALEGO, un dicionario que ofrece o étimo das palabras.

O enunciado e as súas clases

Cando falamos ou escribimos, combinamos as palabras para expresar ideas. Esas combinacións son os enunciados.

1 O enunciado. Concepto e características

Toda unidade de comunicación –unha noticia, un conto, unha conversa e, polo xeral, calquera texto– está composta por un número variable de unidades máis pequenas que teñen sentido completo e que se pronuncian con independencia unhas doutras. Estas unidades son os **enunciados**. O seguinte fragmento contén tres enunciados, que separamos por medio do signo [/]:

Mostrareilles os cuartos con moito gusto. / Tamén lles presentarei o resto dos hóspedes. / Despois, dispoñan do seu tempo de lecer.

1.1. Características dos enunciados

Son dúas as características que singularizan os enunciados: desde o punto de vista da expresión, **a independencia fónica**, e desde o punto de vista do significado, **o sentido completo**.

- Desde o punto de vista da expresión, **un enunciado é unha cadea de sons que está limitada por unha pausa longa e que se pronuncia cunha melodía ou entoación pechada e independente da entoación doutros enunciados**. Esa pausa marca o final da entoación e represéntase na escrita cun punto ou cun signo de peche de interrogación ou de admiración. Exemplos:

  Vostede xa coñece os novos veciños? *Vou visitalos decontado.*

- Desde o punto de vista do significado, **o enunciado é a expresión verbal dunha idea**, que se manifesta como unha afirmación, unha negación, unha pregunta, un mandato, un desexo…

2 As palabras no enunciado: os sintagmas

As palabras preséntanse no enunciado organizadas en grupos que desempeñan unha función sintáctica determinada: suxeito, predicado, obxecto directo, complemento circunstancial… Estes grupos de palabras que desempeñan unha función sintáctica única dentro do enunciado son as unidades que chamamos **sintagmas**.

Un mesmo sintagma pode desempeñar funcións distintas en diferentes enunciados, e unha mesma función sintáctica pode ser desempeñada por sintagmas de diferentes tipos. Exemplos:

Lin o libro novo. — Obxecto directo

O libro novo foi un agasallo. — Suxeito

Existen diferentes tipos de sintagmas segundo a natureza do seu núcleo:

Sintagma nominal	O seu núcleo é un substantivo.	*A casa estaba abandonada.*
Sintagma adxectival	O seu núcleo é un adxectivo.	*A casa estaba **bastante** limpa.*
Sintagma adverbial	O seu núcleo é un adverbio.	*Chegaremos **moi** lonxe.*
Sintagma verbal	O seu núcleo é un verbo.	*Chegaremos pasadomañá.*

Lembra

O sintagma preposicional

Cando o sintagma nominal vai precedido dunha preposición, denomínase **sintagma preposicional**. Exemplo:

*A vivenda **en Galicia** está cara.*

3 Clases de enunciados: oracións e frases

Hai dous tipos de enunciados segundo a forma: as oracións e as frases.

Oracións	Conteñen un ou máis verbos en forma persoal e a maioría están integradas por dous membros: un suxeito e un predicado.	Suxeito / Predicado *A casa **estaba** abandonada.*
Frases	Non levan ningún verbo en forma persoal.	*Que sorpresa!*

A miúdo constitúen frases as interxeccións, que son palabras que empregamos para manifestar dun xeito sintético sentimentos de sorpresa, dor, alegría, angustia, desprezo… e para chamar a atención de alguén. Exemplos:

Ah! *Ai!* *Bah!*

4 Modalidade do enunciado

Ao falar, non só transmitimos ideas, tamén informamos sobre a nosa actitude ante o oínte –informar, preguntar, ordenar– e ante o que dicimos: expresamos desexo, probabilidade, dúbida… Esta forma de manifestarnos nas nosas mensaxes é o que se coñece como modalidade.

Así pois, a **modalidade** é o xeito en que se manifesta nos enunciados a actitude do falante ante o oínte e ante a súa propia mensaxe.

Hai diversos procedementos para expresar a modalidade:

Procedementos fónicos	Emprego dunha entoación determinada que nos permite formular unha pregunta, unha afirmación, unha exclamación…	*Xa é hora?* *Xa é hora.* *Xa é hora!*
Procedementos gramaticais	Emprego de determinados modos verbais. Habitualmente emprégase o indicativo para accións consideradas reais; o subxuntivo para accións posibles, dubidosas ou desexables; e o imperativo para dar ordes.	***Chegou** o paquete.* *Oxalá **chegue** hoxe!* ***Recolle** o paquete!*
Procedementos léxicos	Emprego de partículas exclamativas ou de adverbios que expresan dúbida.	***Canto** me tarda!* ***Talvez** sexa tarde.*

ACTIVIDADES

1 Sinala os enunciados do seguinte texto.

– Sabes que día é mañá?
– Non, avoa.
– O meu aniversario!
– Anda! Nin me decatara.
– Esa cabeciña...
– E cantos fas?
– Moitos!

- Clasifica os enunciados en frases e oracións.
- Continúa o texto engadindo dúas frases e dúas oracións.

2 Escribe frases a partir destas oracións.

- A esta hora sempre teño moita fame.
- Dixo que estaba encantada de coñecerme.
- Puxéronse de moda os sombreiros de aba larga.
- O ceo encapotado desatou unha forte chuvieira.

3 Escribe exemplos do seguinte:

Un mesmo sintagma que desempeñe funcións distintas en distintos enunciados.

Unha mesma función sintáctica desempeñada por distintos sintagmas.

5 Clases de enunciados segundo a modalidade

Segundo a modalidade, podemos distinguir varias clases de enunciados: enunciativos, interrogativos, exclamativos, dubitativos, optativos, exhortativos e de posibilidade. Na maioría dos casos teñen forma de oración.

Na lingua das viñetas é habitual o uso de enunciados exclamativos, exhortativos, interrogativos,…
Na imaxe, viñetas de Luís Davila.

Enunciativos	Presentan un feito ou un pensamento como real. Pronúncianse con entoación enunciativa e, se son oracións, levan o verbo en modo indicativo. Poden ser afirmativos ou negativos.	*Os hóspedes ocuparon todos os cuartos.* *A roupa deportiva, de moda outra vez.*
Interrogativos	Expresan unha pregunta. Se son oracións, levan o verbo en modo indicativo. Poden ser **directas**, se teñen forma de pregunta e se pronuncian con entoación interrogativa, ou **indirectas**, se teñen forma e entoación enunciativa.	*A que hora se almorza?* *Preguntoume a que hora se almorzaba.* *Seguro?*
Exclamativos	Adoitan expresar sentimentos de ledicia, dor, admiración, sorpresa… Pronúncianse con entoación exclamativa. A miúdo, estes enunciados van introducidos por partículas exclamativas.	*Que ben estamos aquí!* *Canto me alegro!* *Que alegría!*
Dubitativos	Expresan dúbida, con adverbios como *talvez*, *quizais*… Pronúncianse con entoación enunciativa. As oracións levan o verbo en subxuntivo.	*Quizais volva cedo.*
Optativos ou desiderativos	Expresan desexo e, daquela, se son oracións, constrúense en subxuntivo. Ás veces pronúncianse con entoación exclamativa.	*Que teñas boa viaxe!* *Oxalá teñas boa viaxe!* *Boa viaxe!*
Exhortativos ou imperativos	Expresan consello, rogo, mandato ou prohibición. As oracións levan o verbo en imperativo (cando a oración é afirmativa) ou en subxuntivo (cando a oración é negativa).	*Repara no enunciado.* *Non respondas ao chou.* *Silencio!*
De posibilidade	Expresan suposición ou probabilidade. Pronúncianse con entoación enunciativa e as oracións levan o verbo en futuro de indicativo ou condicional.	*Serán as doce da noite.* *Mediría catro ou cinco metros.*

ACTIVIDADES

4 Clasifica estes enunciados segundo a súa modalidade.

- Xa son horas de erguérmonos!
- Se cadra esa era unha boa solución.
- Descafeinado ou normal?
- Oxalá veña un verán caloroso!
- Dixo que todo fora mentira.
- Tería dezanove anos cando marchou da casa.
- Cando é que volvestes?
- Non quero que veñades hoxe pola vila.
- Prepararei a cea en dez minutos.

▶ Sinala os procedementos fónicos, gramaticais ou léxicos que marcan as distintas modalidades nas oracións anteriores.

5 Localiza tres oracións con distintas modalidades.

A rapaza baixaba a ollada e dicíalle confidente:

– Quen che fai caso! Es ben toliño!

– Cavílao ben.

– De noite teño medo.

– Do medo non te preocupes. Eu cho tornarei.

– Non pode ser!

– Porque ti non queres.

– Non quero, nin podo, nin debo.

– Non hai imposíbeis...

MANUEL MARÍA, *A tribo ten catro ríos*

▶ Le o texto anterior coa entoación axeitada, atendendo ao contido e aos signos de puntuación.

As maiúsculas

1 Uso das maiúsculas

Escríbense con letra inicial maiúscula:

- A primeira palabra dun texto e as que van detrás de signos que pechan enunciados (punto, signos de interrogación e de admiración, puntos suspensivos). Exemplos: *Quéroche contar unha cousa... Tocoume a lotaría! Temos que celebralo. Que día che vén ben? Mañá?*
- Os substantivos propios (nomes de persoas e mascotas, alcumes, personaxes de ficción, entidades sagradas e apelidos; nomes de lugares como rúas, prazas, aldeas, vilas, cidades, países, astros...; nomes de accidentes xeográficos). Exemplos: *Alexandre, o Barbas, Marela, Son Goku, Afrodita, Teixeira; Rianxo, A Coruña, Xúpiter; Tambre, serra do Faro*.
- Os substantivos e adxectivos dos nomes de institucións, organismos, empresas, partidos políticos e tamén dos monumentos. Exemplos: *Xunta de Galicia, Ministerio de Interior, Universidade de Vigo, Construcións Antelo, Partido Comunista, Torre de Hércules*.
- Os substantivos e adxectivos de feitos singulares da historia e os nomes de períodos históricos. Exemplos: *Revolta dos Irmandiños, Renacemento, Idade Media*.
- A primeira palabra dos títulos de obras literarias e artísticas e os substantivos e adxectivos que conforman os títulos de publicacións periódicas. Exemplos: *O porco de pé, A Nosa Terra*.
- Os tratamentos abreviados e as siglas. Exemplos: *Dra., Vde., UE, ONG...*
- Os nomes de premios. Exemplos: *Premio Nobel de Física, Premio Ondas*.

PRESTA ATENCIÓN

Palabras que se escriben con minúscula

- Os nomes dos días da semana, meses e estacións. Exemplos: *luns, xuño, outono*.
- Os nomes de oficios e profesións, graos militares, dignidades e cargos. Exemplos: *ministro, tenente, presidenta*.
- As abreviaturas, agás as de tratamento. Exemplos: *avda., esqda., núm*.
- Os xentilicios. Exemplos: *coruñesa, francés*.

ACTIVIDADES

1 Copia os enunciados poñendo as maiúsculas que cumpran.

- o poeta manuel antonio, un rianxeiro ilustre, escribiu a obra *de catro a catro*.
- serán atendidos pola dra. veiga na clínica montes.
- a factoría galega de citröen está situada en vigo, preto da fronteira portuguesa.
- afonso X o sabio escribiu as *cantigas de santa maría*.
- presentou o acto no consello da cultura galega o sr. mosqueira, xornalista da revista tempos novos.
- sabes unha cousa? nomearon a helena presidenta da empresa edicións literarias.
- o encoro de portodemouros está no río ulla.
- en atenas, capital de grecia, visitaron un templo na honra da deusa atenea con vistas ao mar exeo.
- que alegría! antón gañou o premio esquío de poesía.

2 Xustifica, a partir da norma correspondente, o emprego das maiúsculas nestas oracións.

Pasen Vdes. unha Semana Santa divina en Hoteis Luso (Portugal).

Dna. Antía Rodríguez, alcaldesa de Viladouro, convídaos á presentación das festas de Nadal na avda. do Areal.

3 Escribe cinco nomes que designen elementos de cada unha das seguintes clases.

- aldeas
- parroquias
- cordilleiras
- mares
- países
- ríos

▶ Busca na sección de literatura desta unidade exemplos de uso das maiúsculas e explica por que se utilizan.

Historia social da lingua: o galego moderno (1916-1936)

1 Contexto histórico

Nas primeiras décadas do século XX, a sociedade galega seguía a ser maioritariamente rural e campesiña, como consecuencia da economía atrasada e da escasa industrialización. Con todo, comezou a rexistrarse un tímido desenvolvemento da industria conserveira e naval, ao tempo que se producía un progresivo desprazamento da poboación cara ás zonas urbanas e costeiras, coincidindo co desenvolvemento das cidades.

A poboación seguía a sufrir o drama da emigración e as condicións de vida do campesiñado eran moi precarias: non eran donos das terras que traballaban e vivían afogados por impostos derivados dos foros. Neste contexto, xurdiu o **agrarismo**, un movemento reivindicativo que estimulou a conciencia do campesiñado, organizándoo en sociedades como Solidaridad Gallega e Liga Agraria de Acción Gallega, esta última liderada polo abade Basilio Álvarez. O agrarismo denunciou o caciquismo e perseguiu a abolición dos foros, a mellora das condicións de vida do campesiñado e o seu acceso á propiedade das terras.

En 1926 conséguese a redención dos foros, o que supón a desaparición da fidalguía rendeira que tiña neles a súa principal fonte de ingresos. Por outra parte, comeza a xurdir unha pequena clase burguesa nas cidades, arredor da incipiente industria, e mesmo aparecen pequenos colectivos proletarios.

2 A situación da lingua

A lingua galega seguía a ser o idioma de comunicación oral da maioría da poboación. Con todo, empezou a rexistrarse unha perda progresiva de falantes, debido ao desprazamento da poboación cara ás vilas e cidades.

Por outra parte, durante esta etapa medrou a difusión de estereotipos negativos asociados ao galego, coa consecuente consolidación dos prexuízos que o presentaban como lingua rural, lingua das clases baixas e analfabetas, etc.

Nos usos formais, a presenza do galego foi moi escasa. En efecto, permaneceu totalmente marxinado en ámbitos centrais como o eclesiástico e o do ensino, onde o castelán foi o idioma practicamente exclusivo.

3 As Irmandades da Fala

O espírito galeguista que no século XIX alentara o provincialismo e o rexionalismo, cobra agora unha nova forma teórica, a través dunha tendencia cultural e política que define Galicia como unha nación con lingua, territorio, historia, institucións e cultura de seu. Este movemento, coñecido como **nacionalismo**, concibe a lingua como o piar fundamental da identidade.

A primeira iniciativa concreta encadrada neste movemento foi a fundación na Coruña, en 1916, da primeira **Irmandade da Fala**, liderada polo xornalista Antón Villar Ponte. Este modelo de asociación espallouse deseguido polas principais vilas e cidades galegas, onde se fundaron novas Irmandades.

SABER MÁIS

O foro

Era un tipo de contrato agrario de longa duración (ás veces, incluso perpetuo) polo cal unha persoa ou institución lle cedía a outra o uso dun ben (por exemplo, unhas terras) a cambio dunha renda. A existencia dos foros implicaba que os campesiños non eran propietarios das terras e que tiñan que pagar por traballalas.

UNHA ETAPA POLÍTICA CONVULSA

1900-1923 Monarquía	Alternancia no poder de conservadores e liberais. Caciquismo e falta de democracia.
1923-1930 Ditadura de Primo de Rivera	Perda de liberdades básicas.
1931-1936 II República	Profundos cambios sociais e políticos. Ampliación xeral dos dereitos, entre eles os das mulleres e os dos traballadores.
1936 Guerra Civil	Alzamento franquista e inicio da Guerra Civil.

Nas diversas Irmandades fundadas ao longo do país integráronse algúns dos xornalistas, literatos e políticos máis destacados do momento. Os núcleos máis importantes foron os da Coruña e Ourense.

Estas organizacións dotáronse, ademais, dun órgano de expresión e difusión do pensamento galeguista: a publicación ***A Nosa Terra***, editada integramente en galego.

As Irmandades tamén constituíron un movemento político que definiu as bases teóricas do nacionalismo, fundamentalmente a través de dúas obras: a *Teoría do nacionalismo* (1920), de Vicente Risco, e a *Doctrina nazonalista* (1921), de Ramón Villar Ponte.

3.1. Iniciativas a favor da lingua e da cultura

O propósito fundamental das Irmandades era lograr a dignificación e a normalización da lingua en todos os ámbitos. O seu programa fixaba obxectivos como a consecución da cooficialidade do galego e o castelán, a implantación na Universidade de Santiago dunha cátedra de Lingua e Literatura Galegas, a introdución do galego no ensino básico, e a elaboración dun rexistro culto (coa creación de dicionarios e gramáticas) que constituíse unha variante apropiada para os contextos formais.

O labor das Irmandades a favor da lingua e da cultura galegas comprendeu unha serie de iniciativas de perfil diverso:

- Promoveuse a utilización do galego en moitos ámbitos da escrita e da oralidade en que apenas tiña presenza: na prosa literaria, nos artigos xornalísticos, en celebracións eclesiásticas, en conferencias e publicacións científicas, en actos electorais, na propaganda comercial, na universidade, etc.
- En relación co anterior, creáronse publicacións periódicas monolingües en galego (*A Nosa Terra*, *Nós*, *Rexurdimento*, etc.) e editoriais dedicadas ao libro en galego, como Céltiga (1921), Alborada (1922), Libredón (1924), Lar (1924) e Nós (1927). Ademais, promoveuse a tradución ao galego de obras da literatura universal. Como consecuencia da ampliación da oferta editorial, foise creando un público lector nesta lingua.
- Iniciouse a recuperación da auténtica toponimia galega.
- Fundáronse compañías teatrais, cadros de declamación e coros que interpretaban pezas galegas.
- Creáronse entidades científicas, como o Seminario de Estudos Galegos.

Edición facsimilar de *A Nosa Terra*.

4 O Seminario de Estudos Galegos

En 1923, tras unha histórica reunión na casa de Rosalía de Castro, en Ortoño, un grupo de mozos universitarios funda o **Seminario de Estudos Galegos**. Os obxectivos do Seminario eran estudar dun xeito interdisciplinario os diferentes aspectos da realidade galega e formar novos investigadores. A institución asumía deste xeito un labor que non desenvolvía a universidade da época.

O Seminario estruturábase en seccións dirixidas por cadanseu coordinador (Filoloxía, Arte e Letras, Etnografía, Historia, Xeografía, Historia da Literatura, Ciencias Naturais...) e utilizaba o galego para divulgar os resultados científicos. Ao longo da súa traxectoria, a institución constituíu o lugar de encontro dos principais investigadores galeguistas do momento, ata que a súa actividade foi interrompida co inicio da Guerra Civil, en 1936.

Membros do Seminario de Estudos Galegos en 1934.

5 O Grupo Nós

En 1920 publicouse en Ourense o primeiro número da revista *Nós*, que constituíu o proxecto editorial máis importante do galeguismo de preguerra. A revista foi impulsada por un conxunto de intelectuais que, en virtude da emblemática iniciativa, recibiron o nome de **Grupo Nós**. Os autores tradicionalmente considerados dentro do Grupo son Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, Antón Losada Diéguez e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Todos eles (coa excepción de Castelao, que presenta unha traxectoria diverxente) comparten algúns trazos vitais e intelectuais:

- Naceron na década de 1880. Procedían de familias acomodadas.
- Cursaran estudos universitarios e posuían, ademais, unha amplísima formación intelectual. Neste sentido, estaban familiarizados coas tendencias europeas dominantes nas diferentes artes e disciplinas.
- Eran individuos inadaptados e inconformistas que nun primeiro momento mostraron unha actitude intelectual elitista, desprezando a sociedade en que vivían e interesándose por culturas exóticas, polo ocultismo e o esoterismo. Co tempo, evolucionaron desde estas posicións ata o galeguismo comprometido. A partir de 1918, da man de Losada Diéguez, incorporáronse ás Irmandades da Fala, e a maioría militou tamén no Partido Galeguista. Esta evolución foi explicada en clave de autorretrato xeracional, por Cuevillas no artigo «Dos nosos tempos» (1920), por Otero Pedrayo na novela *Arredor de si* (1930) e por Risco no ensaio *Nós, os inadaptados* (1933).

Os membros do Grupo Nós realizaron un traballo fundamental en diversos campos, pero sobre todo contribuíron ao desenvolvemento e á modernización da prosa e do ensaio en galego, elevándoos a niveis non alcanzados ata ese momento.

En todos os seus traballos, estes autores apostaron pola modernización da cultura galega, afastándoa do folclorismo e poñéndoa en contacto coas correntes máis avanzadas da arte e da cultura europeas e universais.

6 O Partido Galeguista e a aprobación do Estatuto

Coa chegada da Segunda República ampliáronse as liberdades, o que xerou un clima máis favorable para a canalización de distintas iniciativas políticas, sociais e culturais. Neste contexto, fúndase en 1931 o **Partido Galeguista**, que asume moitas das reivindicacións lingüísticas das Irmandades.

No Partido Galeguista integráronse persoas de diferentes ideoloxías, pero co propósito común de lograr unha maior autonomía para Galicia e o seu recoñecemento como nación. No referente á lingua, perseguíanse a galeguización do ensino e a cooficialidade do galego e do castelán.

O Partido Galeguista obtivo representación parlamentaria en dúas lexislaturas e participou na elaboración do primeiro **Estatuto de Autonomía de Galicia**. O Estatuto, que proclamaba a oficialidade do galego e o dereito a usalo na escola, foi aprobado en plebiscito o 28 de xuño de 1936, pero o inicio da Guerra Civil impediu que as Cortes republicanas o ratificasen. En 1938, en plena guerra, o Estatuto foi aceptado a trámite polas Cortes, grazas ao esforzo de Castelao, pero a vitoria franquista impediu a súa entrada en vigor.

SABER MÁIS

A extraordinaria campaña polo SI ao Estatuto

O 28 de xuño de 1936 someteuse a votación popular a aprobación do Estatuto de Autonomía. Os políticos e intelectuais galeguistas (como Castelao e Alexandre Bóveda) participaron de forma moi activa na campaña a favor do SI, que tivo como escenarios as salas de teatro, os cinemas e as propias rúas. Multiplicáronse os mitins, repartíronse panfletos e difundíronse carteis deseñados, entre outros, por Castelao, Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo.

Finalmente, a participación no plebiscito superou o 70% e a vitoria do SI foi moi ampla.

SABER MÁIS

A revista *Nós*

A revista *Nós* publicouse entre 1920 e 1936. Estivo dirixida por Vicente Risco, a quen se uniu Castelao como director artístico, pois a publicación concedeu grande importancia ao deseño gráfico, no seu propósito de crear unha estética xenuinamente galega.

O obxectivo da revista era modernizar a cultura galega, poñéndoa en pé de igualdade e facéndoa dialogar con outras culturas europeas do momento. Para iso publicáronse traballos relacionados con distintas disciplinas (arqueoloxía, antropoloxía, etnografía, historia, xeografía...), moitos deles resultado do labor de investigación do Seminario de Estudos Galegos. Ademais, editáronse textos ensaísticos e creacións literarias en prosa. Na súa vocación europeísta e universal, a revista incorporou con frecuencia colaboracións de autores estranxeiros.

Vinculada ao pensamento nacionalista e publicada integramente en galego, *Nós* implicou un intento de normalizar o idioma en moitos ámbitos dos que estaba excluído, converténdoo en medio de expresión da alta cultura, de xéneros como a prosa literaria e o ensaio, e mesmo empregándoo na publicidade comercial.

ACTIVIDADES

1 Le este fragmento do editorial publicado no primeiro número de *A Nosa Terra* e responde.

A nosa terra precisa un boletín, xa que ata o de agora hai xornais e revistas de galegos, mais nin un só de Galicia, escrito en galego e en Galicia, para Galicia. [...] Temos unha lingua propia, feitura de Deus e da Natureza, que emprega aínda a maioría do pobo, non habendo gramáticas nin dicionarios que axudaran a fixala e a pesar de cinco séculos de centralismo. [...] E unha lingua así [...], non é a nosa mellor arma? Poderemos esquecela? Se a lingua é o escudo da personalidade dos pobos, máis forte que as armas, que loitas gañaremos sen ela? [...] Hai, pois, unha política para nós: a gran política da lingua. Se conseguimos interesar nesta política os novos intelectuais e as xeracións que veñen, volveremos ser fortes. Pobo que recobra a súa lingua, recóbrase a si mesmo [...].

Falade e escribide e pensade sempre en galego, irmáns. [...] A Nosa Terra quere que se interese a mocidade que vén nestas cousas. Quere que xurdan ao mesmo tempo que poetas e músicos galegos, prosistas na nosa lingua [...]. A traballar con fe. Este boletín é de todos os galegos. A súa dona é Galicia enteira. Non ten outra. Polo mesmo, as súas follas serán dignas de se coleccionar. Perpetuarán o pensamento dunha época.

A Nosa Terra, 14 de novembro de 1916 (adaptación)

- Segundo o texto, contaba o galego cun estándar culto?
- Por que cres que se resalta a importancia de contar con prosistas que utilicen o galego?
- Por que os xornais e revistas galegos se escribían en castelán?

▶ Explica como contrasta o uso que os homes das Irmandades fan do galego coa maneira en que o utilizaban os intelectuais do Rexurdimento.

2 Observa estas viñetas de Castelao e contesta.

- Que situación lingüística se reflicte na primeira viñeta? Que consecuencias tiña para o galego a exclusión dese ámbito? De que outros ámbitos de uso estaba marxinado?
- Cal é o prexuízo sobre o galego que Castelao reflicte na segunda viñeta?

—Ese muchacho dicen que sabe muchísimo.
—Sí, pero tiene un acento tan gallego…

—O mestre berroume porque dixen "Ollomol".
—Debiches dicir "Ojoblando".

3 Procura información e explica quen foron e que papel xogaron na vida editorial, política e cultural desta etapa os galeguistas Alexandre Bóveda e Ánxel Casal.

A poesía das Irmandades

SABER MÁIS

Poetas da época reivindican o galego

O galego que non fala
a lingua da súa terra
nin sabe o que ten de seu
nin é merecente dela.

VITORIANO TAIBO, *Da vella roseira*

Quen se esquece do falare
que lle ensinaron seus pais,
non é digno de andar dereito
como andámo-los demais.

XAVIER PRADO LAMEIRO, *Almas sinxelas*

1 A poesía na época das Irmandades

A entrada do século XX non supuxo un cambio no panorama literario galego, pois os autores continuaron as tendencias herdadas dos mestres do Rexurdimento: Rosalía, Curros e Pondal.

Aínda así, a aparición do agrarismo e das Irmandades da Fala (xa analizados) fixo que as sensibilidades e as reivindicacións dos poetas desta época cambiasen.

Deste xeito, arredor das Irmandades aglutináronse os principais intelectuais do momento e a maioría deles non dubidou en asumir o seu ideario nacionalista e en reflectilo nos seus versos. Poetas como **Gonzalo López Abente** (1878-1963), moi influído por Pondal, ou **Vitoriano Taibo** (1885--1966) teñen relevancia na época. Pero os dous autores máis destacados son **Antonio Noriega Varela** e, especialmente, **Ramón Cabanillas**.

2 Antonio Noriega Varela

Noriega Varela naceu en Mondoñedo en 1869 e viviu en diversos lugares de Galicia ata a súa morte en Viveiro en 1947. Estudou no Seminario da súa vila natal, pero non chegou a ordenarse sacerdote. Exerceu como mestre en diversas localidades de Galicia e interesouse pola recollida de materiais da literatura, da cultura e da fala populares.

Foi autor dun único libro, ***Montañesas*** (1904), que coñeceu varias edicións revisadas e que, a partir da terceira, se titulou ***Do ermo*** (1920). Foi un poeta que fixou o seu interese na paisaxe, especialmente na da montaña, que asociaba á introspección, é dicir, ao seu estado de ánimo, e á soidade.

É torpe o mar, que se quebra
nun grao de area, e é meigo
o val; pero as serranías
son veciñanzas do ceo.

Comezou como poeta basicamente **costumista e ruralista**, para despois compoñer poesía centrada no **lirismo da natureza**, en que mostra unha gran tenrura polos pequenos elementos naturais (os vermes, as flores, as pingas de orballo...). Neste tipo de poesía presenta influencias de correntes como o **modernismo** hispanoamericano e o **saudosismo** portugués. O saudosismo é un movemento literario nacido en Portugal que tivo como principal representante o poeta Teixeira de Pascoaes. Para este autor, a saudade era a esencia da cultura portuguesa. A influencia do saudosismo apréciase en Noriega no emprego de estrofas cultas como o soneto, no uso dunha lingua coidada e no tratamento do tema da soidade.

Vago xirón *de brétema, atavío*
soberbio de irta xesta, reidora,
fulgurante doíña de rocío
(pazo do sol e lágrima da aurora).

Antonio Noriega Varela.

3 Ramón Cabanillas

Escultura que representa a Ramón Cabanillas, na praza de Fefiñáns, na vila de Cambados.

Natural de Cambados, vila onde naceu en 1876 e onde morrería en 1959, Ramón Cabanillas estudou no Seminario de Santiago de Compostela, onde se afeccionou aos autores clásicos latinos e gregos. Desempeñou distintos empregos administrativos e, en 1910, decidiu emigrar a Cuba. Alí relacionouse co grupo de galeguistas emigrados que puxeran en marcha a Real Academia Galega uns anos antes, e comezou a escribir en galego. Entrementres, tomou contacto coa ideoloxía agrarista e co seu principal representante, Basilio Álvarez. Regresou definitivamente a Galicia en 1915 e, a partir dese momento, aproximouse ao nacionalismo das Irmandades da Fala e, na época da República, ao ideario do Partido Galeguista.

Cabanillas foi autor dunha ampla obra poética en que se poden recoñecer diversas influencias. Destaca o **influxo dos grandes mestres do Rexurdimento**, dos que continuará a liña de poesía combativa e social, sen esquecer a poesía máis intimista de influencia rosaliana. Por outra banda, mostrou en distintos libros de poemas a influencia dos movementos estéticos de fins do XIX e de comezos do XX, entre eles, o **modernismo hispanoamericano**, sobre todo en aspectos formais como os seguintes:

– Uso do verso longo.

– Gusto polo exotismo e os ambientes propios de lugares afastados.

– Uso abundante de adxectivos coloristas e referidos a ámbitos sensoriais (luz, son...).

– Procura da musicalidade e do ritmo no verso.

Na obra de Cabanillas distinguimos dúas liñas poéticas fundamentais: a poesía lírica e a poesía narrativa.

3.1. Poesía lírica

Este tipo de poesía está presente nos principais libros de poemas do autor: ***No desterro*** (1913), ***Vento mareiro*** (1915), ***Da terra asoballada*** (1917) e ***A rosa de cen follas*** (1927).

Na produción lírica de Cabanillas pódense apreciar tres liñas temáticas fundamentais:

- **Poesía costumista.** Está integrada por composicións que describen paisaxes, ambientes rurais ou escenas pintorescas. Serve como exemplo o comezo do soneto «Na ribeira»:

  Gaivotas brancas, como vellas tolas,
  arredor da pulida regateira
  que escabecha sardiñas na ribeira
  voan do sol as últimas raiolas.

- **Poesía intimista.** Maniféstase en composicións centradas na expresión dos sentimentos, especialmente os amorosos e os referentes á admiración da paisaxe, como se observa neste poema de *Da terra asoballada*:

  Cando soio, *ó serán, vou paseniño*
  cara ó fogar, de volta do traballo,
  sempre detén meus ollos un carballo
  ergueito nun mallón, *sobre o camiño.*

- **Poesía cívica.** Agrupa os poemas máis sociais, os que expresan os seus ideais de loita e de denuncia. Ao principio reflicte os ideais agraristas e, máis tarde, expresará o ideario nacionalista das Irmandades da Fala.

  Alma nacional e ardente
  canta anque *che custe bágoas!*
  Teus cantares son semente!

Nun primeiro momento defenderá os campesiños fronte aos señoritos e caciques. Posteriormente centrarase na defensa de Galicia, asoballada por Castela.

3.2. Poesía narrativa

Á parte dalgúns poemas soltos, destacan dentro desta liña poética dous libros:

- ***O bendito San Amaro*** (1925). É unha pequena obra en verso que narra a lenda dun fidalgo que se converte en ermitán despois de cometer un crime.
- ***Na noite estrelecida*** (1926). Esta obra constitúe a peza central da poesía narrativa do autor. Con ela pretende recrear a antigüidade histórica da nación galega e crear uns mitos propios que sustenten os ideais galeguistas.

  Cabanillas recorre ás antigas lendas do Rei Artur e da procura do Santo Graal e ambiéntaas en paisaxes e lugares de Galicia. Na obra realiza unha fusión entre os elementos da mitoloxía celta e o cristianismo. A empresa de recuperar o cáliz realízase como un mandato divino e Galahaz, o cabaleiro da Táboa Redonda escollido para esta tarefa, destaca pola súa virtude e a súa pureza.

  No punto que facían o sacro xuramento,
  unha luz de milagre tremelou no apousento
  e abatéronse as portas e apareceu no estrado,
  onde o asento baleiro, Galahaz, o Esperado.
  Sen espada nin casco, sen espora ni escudo
  ten a graza dun neno, mais o porte varudo,
  como espigas do trigo os cabelos dourados,
  a cor como de rosas, os ollos azulados
  e a cruz sacra, vermella como aberta ferida,
  na brancura do traxe, sobre o peito garnida.

  A obra está dividida en tres partes ou sagas, correspondentes a tres momentos da lenda artúrica:

  – «A espada Escalibor». Nela nárrase como Merlín recupera a espada na illa de Sálvora e esta pasa ao Rei Artur, ao ser o único que consegue erguela.

  – «O cabaleiro do Sant Grial». Nesta parte xúntanse os cabaleiros da Táboa Redonda para saíren na procura do vaso sagrado, que vai atopar no Cebreiro o cabaleiro Galahaz.

  – «O sono do Rei Artur». O Rei encamíñase cara á morte nunha barca, despois de recibir o cabaleiro triunfante na recuperación do Santo Graal.

Miniatura que representa a aparición do Santo Graal ante os cabaleiros da Táboa Redonda.

As *froliñas* dos toxos

Nin rosiñas brancas nin *claveles roxos*!
Eu venero as *froliñas* dos toxos.

Dos *toxales* as tenues *froliñas*,
que *sorríen*, a medo, entre as espiñas.

Entre espiñas que o ceo agasalla
con diamantes as noites que orballa.

Oh do ermo *preciado* tesouro:
as *froliñas* dos toxos son de ouro!

De ouro vello son, nai, as *froliñas*
dos bravos *toxales*, ¡das devocións miñas!...

ANTONIO NORIEGA VARELA, *Do ermo* (adaptación)

ACTIVIDADES

1. Expresa de forma resumida o tema do poema.
2. Explica, a partir do poema, o lirismo da natureza que cultivou o autor e apoia as explicacións con exemplos do texto.
3. Localiza e explica estas figuras literarias presentes no poema: hipérbato e metáfora.
4. Noriega caracterizouse pola sinxeleza estilística e métrica.
   Indica que rima e que tipo de estrofa emprega neste poema.

A neve, recollendo...

A neve, recollendo seus *cendales*[1] de noiva,
deixou ver das estrelas a fúlxida luz roiba;
batidos os *badales* de anxélicos sineiros[2],
verteron na cidade soños milagreiros;
e, en honor e *louvanza* da mística vitoria,
resoou ceo adiante un cántico de gloria.

O príncipe *trunfante* na catedral é entrado
e das *céltigas* xentes novo rei coroado,
no entanto que deixando un raio ardente e louro
na escuridade, aberto pola fouce de ouro,
o profeta que a verba de Taliesín[3] *unxeu*
e a espada defensora da Raza *conquireu*,
o bardo de ollos *gazos* e da barba florida
desaparece en silencio na noite estrelecida.

Rei Artur de ollos pechos nun *ensoño diviño*,
pide forzas ao ceo para dar co camiño,
e *nestora* solemne de visión sacra e fonda,
descorridos os velos, viu a Táboa Redonda,
a lexión *trunfadora*, a bélica irmandade
que ten de ser nos séculos brasón de cristiandade.

RAMÓN CABANILLAS, *Na noite estrelecida* (adaptación)

[1] **cendales:** cendais, teas finas e transparentes.
[2] **sineiros:** sinos, campás.
[3] **Taliesín:** nome dun antigo bardo celta.

ACTIVIDADES

1. Cabanillas pretende recrear, a partir desta obra, un pasado glorioso para Galicia que axude a conformar un ideario galeguista.
   Explica como se manifesta isto no poema fixándote nas referencias ao celtismo, ao cristianismo e á mitoloxía artúrica.
2. Xustifica, con exemplos, se consideras que o ton que transmite o poema é épico ou lírico. Despois, indica por que cres que o fixo o autor.
3. Resume o contido do poema e ponlle un título.
4. Explica os trazos modernistas que aparecen no fragmento.
5. O poema está composto con versos alexandrinos de catorce sílabas, formado cada un por dous hemistiquios (7 + 7).
   Analiza unha estrofa sinalando a rima, o cómputo silábico, as licenzas métricas e os acentos dentro de cada hemistiquio. Despois diso, relaciona a utilización deste verso co ton que empregou o autor no poema.

No carro

Vai alto o sol: pousa a cesta,
bubeliña da montaña;
máis feliz que o rei de España
son eu ao pé desta xesta.

Talla lacón. Viva a festa
do San Cosme!… Dá acá o xarro
e se a empalma teu *bizarro*
labrego… aturuxa forte,
que teño dous bois na corte
pra me levaren no carro.

ANTONIO NORIEGA VARELA,
Do ermo (adaptación)

ACTIVIDADES

1. Describe brevemente a escena que se presenta no poema.
2. Tendo en conta o tipo de poesía que cultivou este autor, cres que este poema fai un canto ao lirismo da natureza ou é un poema costumista? Razoa a resposta.
3. Cres que o poema enxalza ou rexeita a paisaxe e a vida da montaña? Explícao.

Camiño longo

Camiño, camiño longo,
camiño da miña vida,
escuro e triste de noite,
e triste e escuro de día…
camiño longo
da miña vida!

Vereda[1], *vereda* torta
en duras laxes aberta,
arrodeada de toxos,
crebada polas lameiras…
vereda torta,
ti onde me levas!

Camiño, camiño longo.
A choiva, a neve e as silvas
enchéronme de friaxe,
cubríronme as feridas…
camiño longo
da miña vida!

Vereda, *vereda* fonda
de fontes tristes, sen *ágoa*[2];
sen carballos que *den* sombra,
nin *chouzas* que *den* pousada…
vereda fonda,
ti cando acabas!

RAMÓN CABANILLAS, *Vento mareiro*
(adaptación)

[1] **vereda:** verea, camiño.
[2] **ágoa:** auga.



ACTIVIDADES

1. No poema hai termos que posúen unha significación simbólica, é dicir, que van máis alá do significado literal. Tendo isto en conta, indica o posible simbolismo de *camiño* e de *verea*.

   Responde.

   - Que visión cres que transmite a voz lírica: optimista ou pesimista?
   - Que termos do poema apoian esa idea?

2. O paralelismo consiste na repetición de estruturas sintácticas iguais ou similares. Explica como se manifesta no poema, que efecto produce e que pretende o autor ao usalo.
3. Indica de xeito xustificado en que tipo de poesía do autor encadras este texto.

SABER FACER

Comentar un poema cívico de Cabanillas

En pé!

Irmáns! En pé serenos
a limpa fronte erguida,
envoltos na brancura
da luz que cae de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga
e nunha man a fouce
e noutra man a *oliva*[1],
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira da Galicia,
¡cantemos o dereito
á libre nova vida!

Validos de traidores
a noite da Frouseira
a patria escravizaron
uns *reises*[2] de Castela.
Comestas polo tempo
xa afrouxan as cadeas...
Irmáns asoballados
de xentes estranxeiras,
ergamos a bandeira azul e branca!
E ao pé da *enseña* da nación galega
cantemos o dereito
a *libertar* a Terra!

Irmáns no amor á Suevia
de *lexendaria* historia,
en pé! En pé dispostos
a non morrer sen loita!
O día do Medulio
con sangue quente e roxa
mercamos o dereito
á libre, honrada *chouza*!
Xa está ao vento a bandeira azul e branca!
A *oliva* nunha man, a fouce noutra,
berremos alto e forte:
«A nosa terra é nosa!».

RAMÓN CABANILLAS,
Da terra asoballada (adaptación)

[1] **oliva:** póla de oliveira.
[2] **reises:** reis.

1 Fálase de que este poema ten un ton de «arenga». Procura o significado desa palabra nun dicionario e xustifica esta afirmación.

2 Explica o tema principal e xustifica por que o texto se integra na poesía cívica de Cabanillas, razoando que ideoloxía (nacionalista ou agrarista) defende.

3 Localiza e explica, coa axuda de Internet, as referencias a tres momentos e lugares históricos que encontres no poema. Despois, ordénaas por orde cronolóxica.

4 A parella de termos *fouce* e *oliva* aparecen próximos en dous momentos do poema.
Indica cal podería ser o seu significado simbólico.

5 En cada estrofa hai dous únicos versos de arte maior que destacan no conxunto.
Responde.

- Aparecen situados de xeito simétrico? En que posición da estrofa?
- Hai algúns termos que se repitan neses versos de arte maior e que os relacionen entre si? Razoa a resposta.

6 O poema está composto por tres estrofas de doce versos, que se conforman como *silvas arromanzadas*.
Procura información sobre este tipo de estrofa, comproba as súas características e indica se estas se cumpren no poema.

A Basilio Álvarez

Sementador! O trigo dos *beirales*
mostra as espigas mestas e douradas,
e as segadoras fouces, afiadas,
teñen tráxico brillo de *puñales*.

O teu verbo, estalante nos *pinales*,
troca, ao chegar ás *chouzas* das valgadas,
os salaios das gorxas abafadas
en ruxidos guerreiros e *triunfales*.

A aldea ergueuse co *claror* da aurora
agardando o sinal, e non sosega
en axexo da loita vingadora.

Xa a luz do sol do mediodía cega,
sementador! Sementador, xa é hora
de dar o berro e comezar a sega!

RAMÓN CABANILLAS,
Da terra asoballada (adaptación)

Caricatura de Basilio Álvarez feita por Castelao.

ACTIVIDADES

1. Investiga e explica quen foi Basilio Álvarez e a influencia que exerceu en Cabanillas.
   - Tendo en conta a resposta anterior, explica por que a voz lírica se refire a Basilio Álvarez como un «sementador».
   - Razoa se estamos ante un poema cívico agrarista ou nacionalista.
2. Explica o dobre sentido que se aprecia nos dous últimos versos con respecto ao labor do sementador.
3. Estamos ante un tipo de composición poética moi coñecida na literatura universal. Di cal é o nome deste tipo de poema e establece o seu esquema métrico.



Himno de Acción gallega

Irmáns! Irmáns galegos!
Dende Ortegal ao Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrillar!

Que sexa a vila podre,
coveira da canalla,
a aldea que traballa
disposta *pra* loitar.

Antes de ser escravos,
irmáns, irmáns galegos!
que corra o sangue a regos
dende a montaña ao mar.

Ergámonos sen medo!
Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo señorial!

Xa o fato de caciques,
ladróns e herexes, *fuxe*
ao redentor empuxe
da alma rexional.

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns galegos!
que corra o sangue a regos
dende a montaña ao val.

RAMÓN CABANILLAS,
Vento mareiro (adaptación)

ACTIVIDADES

1. Compara este poema co texto «A Basilio Álvarez» e razoa se se integran os dous no mesmo tipo de poesía (lírica ou narrativa) e na mesma liña temática.
2. No poema dáse unha oposición entre a vila e a aldea. Explica que sectores da sociedade galega son representados con estes dous termos e por que se opoñen.
3. Fíxate no título do poema e explica cal cres que é o seu obxectivo e a quen vai dirixido.
4. Indica a función das oracións exclamativas que aparecen no poema.
5. Localiza os lugares mencionados no poema e indica con que intención se nomean.

As ondas gravitacionais explicadas a principiantes



Os dous xigantescos detectores do experimento LIGO, separados 3000 km entre si e situados nos Estados Unidos, detectaron as pequenísimas vibracións xeradas por ondas gravitacionais procedentes da fusión de dous buracos negros. Pero, que son exactamente esas misteriosas ondas? Aquí están as claves para entender as protagonistas do gran descubrimento científico do ano.

Que son as ondas gravitacionais? Son ondulacións concéntricas que encollen e estiran o lenzo do espazo-tempo mentres viaxan á velocidade da luz. Orixínanse por eventos moi violentos, como a fusión de dous buracos negros.

Quen foi o primeiro en pensar nelas? A existencia destas ondas predíxoa Albert Einstein hai un século. Son consecuencia da súa teoría xeral da relatividade, en que se expón que o espazo-tempo é curvo e que obxectos con masa moi acelerados cambian a curvatura dese espazo-tempo e producen ondas gravitacionais.

Cando e onde se detectaron? O 14 de setembro de 2015, ás 11:51 (hora europea de verán), foron captadas polos dous detectores xemelgos do Observatorio por Interferometría Láser de Ondas Gravitacionais (LIGO, polas súas siglas en inglés). Os científicos botaron meses facendo comprobacións para certificar que non había erros na detección. Durante ese tempo, o ruxerruxe sobre as ondas percorreu o mundo da Física en todo o planeta.



É a primeira vez que se perciben? Aínda que os científicos xa deduciran a súa existencia, ata agora non se puideran detectar directamente. Hai máis de 50 anos que diversos experimentos en todo o mundo trataron de conseguir a proba experimental. Foi moi difícil atopala, pois as amplitudes das ondas son extremadamente pequenas e os grandes eventos que as producen son pouco frecuentes. Aínda que están causadas polo movemento da masa, a maioría son tan débiles que non teñen ningún efecto medible.

Por que son tan tenues? Non son realmente tenues, senón que chegan tenues á Terra. Cando se producen eventos cósmicos violentos, estes fan que o tecido do espazo vibre coma un tambor. As ondulacións do espazo-tempo emanan en todas as direccións, viaxando á velocidade da luz e distorsionando fisicamente todo ao seu paso. Pero, canto máis se afastan estas ondas da súa orixe, máis pequenas se volven. Unha distorsión inicial de varios quilómetros no espazo, queda reducida a unha fracción do tamaño dun protón cando chega á Terra.

De que serve detectar por fin ondas gravitacionais? Estas ondas proporcionan información sobre os obxectos que as producen, os eventos máis violentos do universo, como as supernovas ou as colisións e fusións de buracos negros e estrelas de neutróns. A súa detección abre o universo a investigacións completamente novas, ademais de facilitarlles o camiño cara ao Premio Nobel aos seus descubridores.

www.gciencia.com (adaptación)

ACTIVIDADES

1 Indica de que partes consta este texto explicativo. Despois, di de que forma se ordenou nel a información.

2 Sinala que procedemento explicativo se empregou en cada unha destas secuencias.

A. Son ondulacións concéntricas que encollen e estiran o lenzo do espazo-tempo mentres viaxan á velocidade da luz.

B. Cando se producen eventos cósmicos violentos, estes fan que o tecido do espazo vibre coma un tambor.

C. Estas ondas proporcionan información sobre [...] os eventos máis violentos do universo, como as supernovas ou as colisións e fusións de buracos negros e estrelas de neutróns.

3 Como indica o seu título, este é un texto divulgativo dirixido a un lector non especializado.
Indica onde podería publicarse un texto así e con que obxectivo.

▶ Explica que diferenzas se advertirían no texto se estivese dirixido a lectores especializados.

O xermolo das Irmandades da Fala que plantou Villar Ponte cumpre un século

RODRI GARCÍA, *La Voz de Galicia* (adaptación)

«A cerna dun movemento social de reivindicación da lingua e da identidade nacional galega que mostrou unha nova forma de concibir o país, en tanto colocou por vez primeira a Galicia como centro de decisión e como suxeito do seu devir social, cultural e político». Así son cualificadas as Irmandades no acordo da Deputación da Coruña, tomado hai uns días, para declarar o 2016 como Ano das Irmandades da Fala. O xermolo do que naceu esta organización plantouno hai un século Antón Villar Ponte cun artigo publicado neste xornal. Curiosamente, o texto estaba escrito en castelán e levaba por título «El cimiento de la afirmación gallega».

O texto de Villar Ponte deu lugar a unha serie de pronunciamentos, apoios e publicacións que se concretarían o 18 de maio de 1916 na xuntanza convocada polo propio escritor no número 38 da rúa Real da Coruña. Alí estiveron preto de vinte persoeiros, desde o outro Villar Ponte, Ramón, ata Uxío Carré Aldao, Manuel Lugrís Freire, Florencio Vaamonde Lores, Luís Porteiro Garea ou Francisco Tettamancy. A decisión principal foi a creación da Irmandade dos Amigos da Fala para a defensa, exaltación e fomento da lingua de Galicia. E, loxicamente, outro acordo tomado foi nomear Primeiro Conselleiro da nova entidade a Antón Villar Ponte.

Un século despois deses feitos, o Concello da Coruña, que está mudando o nome de varias rúas da cidade, dando cumprimento á Lei da Memoria Histórica, vaille poñer a unha desas rúas o nome de Antón Villar Ponte. Ademais, o alcalde comprometeuse na súa primeira visita institucional á Real Academia Galega a apoiar os actos que a entidade quere levar a cabo ao longo deste ano, tal e como lle pediu o propio presidente da RAG.

> «Y como hablar en gallego es todo; como hablar en gallego significa inutilizar andadores extraños, poner lindes al intrusismo y sentar la base de un pensamiento y una acción propios llevándonos a la búsqueda y al encuentro de nosotros mismos en el fondo de nuestras almas; como la generalización del gallego, sobre todo, entre la clase media nos llevaría a la renuncia de ese inútil esfuerzo que hacemos al castellanizar ridículamente los conceptos, las palabras y el acento, unificándonos, poco a poco, en sentido nacionalista, obligándonos a querer la patria natural. Toda afirmación gallega tiene que asentarse en el lenguaje autóctono –pues de otra suerte carece de realidad–, aquí veréis si es o no urgente arribar a la creación de una Liga de Amigos del Idioma.»
>
> (Fragmento do artigo de Antón Villar Ponte)

ACTIVIDADES

1 Que tipo de texto é o anterior? Marca e xustifica a elección.

☐ narrativo ☐ expositivo ☐ argumentativo

▶ Identifica no texto algunhas características propias dese tipo de discursos.

2 Indica cal é a procedencia das palabras *alcalde* e *A Coruña*.

▶ Explica por que a maioría dos termos de orixe árabe entraron no galego a través doutras linguas peninsulares.

3 Xustifica o uso das maiúsculas nestas palabras.

- Deputación da Coruña
- *La Voz de Galicia*
- Ano das Irmandades da Fala
- RAG
- rúa Real

4 Localiza no texto a secuencia «Un século despois destes feitos» e indica se se trata dun enunciado.

▶ Sinala agora se a mesma secuencia constitúe un enunciado no seguinte contexto e explica por que.

–A Irmandade da Coruña constituíuse en 1916. Pero, cando se vai celebrar o Ano das Irmandades?

– Un século despois deses feitos.

5 Responde.

- Cal era a situación da lingua galega en 1916?
- Por que escribiría Villar Ponte en castelán un artigo en que defendía o uso e promoción do galego?
- Que supuxo a aparición das Irmandades da Fala no referente á situación social da lingua? Que iniciativas se levaron a cabo e con que obxectivos?

6 Explica brevemente que influencia tiveron as Irmandades da Fala na literatura galega de principios do século XX.

▶ Indica que relación tivo Cabanillas coas Irmandades e en que liña temática da súa poesía se reflicte o ideario galeguista do movemento.